# MEMORIA DE ACTIVIDADES FINANCIADAS
# A CARGO DO PACTO DE ESTADO 2021

Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deporte

Oficina para a Igualdade de Xénero

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Pacto de Estado contra la violencia de género

GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE IGUALDAD

galicia Xacobeo 2021 XUNTA DE GALICIA

# Contido


1. INTRODUCIÓN ... 3

2. ACTIVIDADES CORRESPONDENTES AO EIXE 1: RUPTURA DO SILENCIO: SENSIBILIZACIÓN E PREVENCIÓN . 5

   a. Deseño e posta en marcha do programa formativo en materia de igualdade, educación afectivo-sexual, diversidade e non discriminación para o alumnado da UDC ... 5

   b. Programa formativo en materia de igualdade para o alumnado cativo da UDC ... 6

   c. Deseño e posta en marcha do programa formativo en materia de igualdade, educación afectivo-sexual, diversidade e non discriminación para o profesorado da UDC ... 9

   d. Premios aos traballos académicos (TFG, TFM, teses) con perspectiva de xénero (medida 1.1.4) ... 10

   e. Organización das VII Xornadas Universitarias Galegas en Xénero (XUGeX) (medida 1.1.15) ... 10

   f. Campañas de difusión a través de diversos soportes: cartelaría e folletos, redes sociais e, en xeral, as TIC (medida 1.2.26) ... 11

   g. Accións formativas para o alumnado sobre o uso adecuado das novas tecnoloxías e os nesgos sexistas e as violencias de xénero que existen nas redes sociais (medida 1.2.34) ... 16

3. ACTIVIDADES CORRESPONDENTES AO EIXE 5: IMPULSO DA FORMACIÓN QUE GARANTE A MELLOR RESPOSTA ASISTENCIAL ... 17

   a. Organización de cursos e xornadas de formación orientadas a alumnado e profesorado das titulacións relacionadas co ámbito do audiovisual, amais de a xornalistas (medida 5.224) ... 17

4. ACTIVIDADES CORRESPONDENTES AO EIXE 8: VISUALIZACIÓN E ATENCIÓN A OUTRAS FORMAS DE VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES ... 17

   a. Convocatoria para financiar gastos de difusión dos resultados de investigación sobre violencia de xénero (medida 8.255) ... 17

   b. Concurso para dar publicidade ao Protocolo fronte ao acoso sexual e o acoso por razón de sexo e (medida 8.254) ... 18

   c. Actualización do Protocolo fronte ao acoso sexual e o acoso por razón de sexo da UDC (medida 8.254) ... 19

5. LISTAXE DE ANEXOS ... 21

# 1. INTRODUCIÓN

Nesta memoria preséntanse as actividades financiadas con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade) incluídas no Convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, e a Universidade da Coruña.

Estas actuación encádranse nos diferentes obxectivos definidos no Documento refundido final do Pacto de Estado (PE) contra a violencia de xénero, en concreto nos seguintes eixes e medidas:

## EIXE 1: RUPTURA DO SILENCIO: SENSIBILIZACIÓN E PREVENCIÓN

- **Medida 1.1.3.** Reforzar e ampliar, en materia de educación, os valores igualitarios e a educación afectivo-sexual obrigatoria en todos os niveis educativos, e fomentar que estes se enfoquen de forma integral (aspectos fisiolóxicos e afectivo-emocionais).
- **Medida 1.1.4.** Incluír, en todas as etapas educativas, a prevención da violencia de xénero, o machismo e as condutas violentas, a educación emocional e sexual e a igualdade, o valor da diversidade e a tolerancia.
- **Medida 1.1.15.** Ofertar nos programas de formación permanente do profesorado un programa específico de prevención e loita contra a violencia de xénero.
- **Medida 1.2.26.** Realizar campañas que teñan como público obxectivo a mocidade, utilizando preferentemente as tecnoloxías da información e da comunicación.
- **Medida 1.2.34.** Formar a mocidade sobre o uso axeitado e crítico de Internet e das novas tecnoloxías, especialmente na protección da privacidade e sobre os ciberdelitos (axexo ou *stalking,* mensaxaría sexual ou *sexting,* ciberengado de menores ou *grooming* etc.).

## EIXE 5: IMPULSO DA FORMACIÓN QUE GARANTE A MELLOR RESPOSTA ASISTENCIAL

- **Medida 5.224.** Impulsar a formación especializada en violencia de xénero para os/as profesionais dos medios de comunicación.

## EIXE 8: VISUALIZACIÓN E ATENCIÓN A OUTRAS FORMAS DE VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

- **Medida 8.255.** Fomentar a investigación en violencias sexuais: estudos diagnósticos, desenvolvemento estatístico, unificación de datos e publicidade destes. Realizar estudos de prevalencia e o deseño de indicadores para todos os tipos de violencias sexuais.

− **Medida 8.254**. Deseñar programas de prevención, detección e protocolos especializados, ou actualizar os existentes en atención e actuación, para os adaptar ás especificidades das diferentes violencias sexuais. Desenvolver protocolos de intervención e detección precoz en todos os ámbitos educativos.

# 2. ACTIVIDADES CORRESPONDENTES AO EIXE 1: RUPTURA DO SILENCIO: SENSIBILIZACIÓN E PREVENCIÓN

## *a. Deseño e posta en marcha do programa formativo en materia de igualdade, educación afectivo-sexual, diversidade e non discriminación para o alumnado da UDC*

O programa de formación denominouse Plan de formación en igualdade de xénero (PFOIX). En colaboración co Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE) da Universidade da Coruña (UDC) ofertáronse oito cursos para o alumnado con diferentes temáticas, con especial atención ao alumnado das facultades de Ciencias da Educación, Ciencias da Comunicación, Dereito e Ciencias da Saúde, que están expresamente mencionadas no Pacto de Estado.

Cinco dos cursos foron ofertados exclusivamente para o alumnado dos distintos graos de Ciencias da Educación e Ciencias do Deporte, así como para o alumnado do Mestrado Universitario en Profesorado de ESO, Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas, coa intención de reforzar a formación en igualdade das persoas que no futuro serán mestres e mestras. Debido ás recomendacións sanitarias pola pandemia optouse por modalidades de docencia mixta (unha parte presencial e outra virtual) ou 100% virtual (con clases síncronas a través do programa Teams).

Na Táboa 1 figura un resumo dos cursos ofertados, co número de asistentes e a medida específica do PE que abarca cada curso. Ademais, no anexo I inclúense as fichas coa información estendida da temática que se tratou en cada un deles.

*Táboa 1. Cursos ofertados ao alumnado*

| Descrición | Profesorado | Medida PE | Datas | Duración | Lugar e modalidade | Ámbito | Prazas | Asist. | M (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Comunica a conciencia | Acadar | **1.1.3 1.1.4** | Do 19 de abril ao 6 de xuño | 15 h | Moodle En liña | Alumnado | 50 | 44 | 90 |
| Análise de xénero na investigación | Capitolina Díaz e M. Teresa Samper | **1.1.3 1.1.4** | Do 3 de xuño ao 16 de xullo | 20 h | Moodle e Teams En liña | Alumnado de doutoramento | 15 | 19 | 89 |
| Claves para educar en igualdade e previr a violencia de xénero | Cooperativa Arabías | **1.1.3 1.1.4** | 27, 28 e 29 de setembro | 8 h | Facultade de Ciencias da Educación Presencial | Alumnado do grao en Educación Infantil | 30 | 8 | 100 |

| Descrición | Profesorado | Medida PE | Datas | Duración | Lugar e modalidade | Ámbito | Prazas | Asist. | M (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Claves para educar en igualdade e previr a violencia de xénero | Cooperativa Arabías | **1.1.3 1.1.4** | 4, 5 e 8 de outubro | 8 h | Facultade de Ciencias da Educación Presencial | Alumnado do grao en Educación Social | 30 | 20 | 100 |
| Violencias sexuais desde a perspectivas das mulleres e dos varóns | Cristina Bajo Enríquez e Antonio Cañás Varela (Orz.) | **1.1.3 1.1.4** | Do 1 ao 15 de outubro | 10 h | Teams e Campus Virtual En liña | Alumnado | 30 | 30 | 90 |
| Violencia dixital de xénero: da prevención á responsabilidade penal | Natalia Pérez Rivas | **1.1.4 1.2.34** | 2, 4, 8, 11 e 16 de novembro | 10 h | Teams En liña | Alumnado | 100 | 75 | 89 |
| Claves para educar en igualdade e previr a violencia de xénero | Cooperativa Arabías | **1.1.3 1.1.4** | 18, 19 e 20 de outubro | 8 h | Facultade de Ciencias da Educación Presencial | Alumnado do grao en Educación Primaria | 30 | 12 | 83 |
| Coeducación emocional: educación, emocións e igualdade como ferramenta de transformación | Almas Meraki | **1.1.3 1.1.4** | 26-27 de outubro e 3 de novembro | 16 h | Campus Virtua En liña | Alumnado da Facultade de Ciencias da Educación | 30 | 26 | 92 |
| Sexualidade(s) 5G: retos e posibilidades nas relacións *posmillenial* | Almas Meraki | **1.1.4 1.2.34** | Do 8 ao 30 de novembro | 16 h | Teams e Campus Virtual En liña | Alumnado | 30 | 30 | 90 |
| Ferramentas para a integración da mirada de xénero na docencia do ensino secundario e de formación profesional | Cooperativa Arabías | **1.1.3 1.1.4** | 8, 9 e 10 de novembro | 8 h | Facultade de Ciencias da Educación Presencial | Alumnado do Mestrado Universitario en Profesorado | 30 | 27 | 85 |

## *b. Programa formativo en materia de igualdade para o alumnado cativo da UDC*

Dada a problemática que existe nos cursos optativos de formación en igualdade e prevención da violencia machista, onde se matriculan fundamentalmente mulleres, este curso realizáronse unha serie de pílulas informativas de 1-2 h para a sensibilización do alumnado dentro das aulas en horario de clase. Púxose especial

atención na formación do alumnado en graos moi masculinizados, para chegar a máis porcentaxe de mozos, e tamén nos cursos do grao en Comunicación Audiovisual.

En concreto, as actuacións formativas foron as seguintes:

*Táboa 2. Cursos de igualdade para o público cativo*

| Descrición | Profesorado | Medida PE | Datas | Duración | Lugar e modalidade | Ámbito | Prazas | Asist. | M (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Tratamento informativo sobre a violencia de xénero | Patricia Faraldo Cabana e Eduardo Ramón Rivas | **1.1.3 1.1.4 5.224** | 21 de setembro | 4 h | Facultade de Ciencias da Comunicación Presencial | Alumnado do grao en Comunicación Audiovisual | 25 | 25 | 60% |
| Hacia una comunicación inclusiva | Alejandra Chacón | **1.1.3 1.1.4 5.224** | 20 e 27 de setembro | 6 h | Facultade de Ciencias da Comunicación Presencial e en liña | Alumnado de 2.º do grao en Comunicación Audiovisual | 50 | 50 | 44% |
| Obradoiro de creación de memes feministas | Natalia Monje | **1.1.3 1.1.4 5.224** | 5 de outubro | 5 h | Facultade de Ciencias da Comunicación Presencial | Alumnado de 1.º do grao en Creación Dixital, Animación e Videoxogos | 44 | 44 | 61% |
| A igualdade de xénero desde a transformación persoal | Almas Meraki | **1.1.3 1.1.4** | 29-30 de setembro e 1 de outubro | 12 h | ETS de Náutica e Máquinas Presencial | Alumnado do 1.º curso de grao | 57 | 38 | 31% |
| A igualdade de xénero desde a transformación persoal | Almas Meraki | **1.1.3 1.1.4** | 21-22 de outubro | 8 h | ETS de Náutica e Máquinas Presencial | Alumnado do 1.º curso de grao | 32 | 9 | 22% |
| A igualdade de xénero desde a transformación persoal | Almas Meraki | **1.1.3 1.1.4** | 28 de setembro | 4 h | Facultade de Informática Presencial | Alumnado do grao en Estrutura de Computadores | 14 | 14 | 21 |
| A igualdade de xénero desde a transformación persoal | Almas Meraki | **1.1.3 1.1.4** | 28 de outubro | 3 h | Facultade de Informática Presencial | Alumnado do grao en Sistemas de Información | 18 | 18 | 22 |

| Descrición | Profesorado | Medida PE | Datas | Duración | Lugar e modalidade | Ámbito | Prazas | Asist. | M (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| A mirada violeta | Atalaia | **1.1.3**<br>**1.1.4** | 28 de outubro e 4 de novembro | 4 h | Escola Politécnica de Enxeñaría Presencial | Alumnado de 3.º do grao en Tecnoloxías Industriais | 12 | 12 | 8 |
| Comunicar en igualdade | Atalaia | **1.1.3**<br>**1.1.4** | 7 e 29 de outubro | 3 h | Escola Politécnica de Enxeñaría Presencial | Alumnado de 2.º do grao en Tecnoloxías Industriais | 46 | 46 | 10 |
| Comunicar en igualdade | Atalaia | **1.1.3**<br>**1.1.4** | 26 de outubro | 2 h | Escola Politécnica de Enxeñaría Presencial | Alumnado de 2.º do grao en Enxeñaría Mecánica e do grao en Tecnoloxías Industriais | 12 | 12 | 8 |
| Comunicar en igualdade | Atalaia | **1.1.3**<br>**1.1.4** | 7 e 14 de outubro | 7,5 h (1,5 h por grupo) | Facultade Economía e Empresa Presencial | Alumnado de 2.º do grao en Economía e Empresa | 59 | 59 | 41 |

A valoración da formación realizada polo alumnado foi moi positiva, pois puntuou con notas moi altas os contidos tratados nos cursos (unha parte do curso dedicouse a falar de masculinidades non hexemónicas) e as metodoloxías elixidas, moi dinámicas e participativas.

A estratexia de público cativo foi nun primeiro lugar algo complexo, polas posibles reticencias do alumnado, pero as dinámicas levadas a cabo deron como lugar unha participación elevada. O alumnado veu a necesidade e a valía deste tipo de formacións.

*Figura 1. Cartel das pílulas formativas destinadas ao público cativo*




### *c. Deseño e posta en marcha do programa formativo en materia de igualdade, educación afectivo-sexual, diversidade e non discriminación para o profesorado da UDC*

O programa de formación denominouse Plan de formación en igualdade de xénero (PFOIX). En colaboración co Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE) da UDC ofertáronse catro cursos para o profesorado, con diferentes temáticas. Na programación dos cursos incidiuse na formación enfocada á incorporación da perspectiva de xénero nas guías docentes das materias dos diferentes graos, na formación para a atención ás vítimas de acoso sexista e á formación no ámbito do tratamento da información nos medios sobre as violencias machistas.

Na Táboa 3 faise un resumo dos cursos ofertados, co número de asistentes e a medida específica do PE que abarca cada curso. Ademais, no anexo II inclúense as fichas coa información estendida da temática que se tratou en cada un deles.

*Táboa 3. Cursos ofertados ao profesorado*

| Descrición | Profesorado | Medida PE | Datas | Duración | Lugar e modalidade | Ámbito | Prazas | Asist. | M (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Comunica a conciencia | Acadar | **1.1.3 1.1.4** | Do 19 de abril ao 6 xuño | 15 h | Moodle En liña | PDI | 50 | 17 | 82 |
| Análise de xénero na investigación | Capitolina Díaz e M. Teresa Samper | **1.1.15** | Do 3 de xuño ao 16 de xullo | 20 h | Teams En liña | PDI | 15 | 5 | 80 |
| Políticas de igualdade e prevención e sensibilización contra a violencia de xénero | Manuela Carral Diéguez | **1.1.15** | 1-31 de outubro | 12 h | Teams En liña | PDI | 30 | 21 | 76 |

| Descrición | Profesorado | Medida PE | Datas | Duración | Lugar e modalidade | Ámbito | Prazas | Asist. | M (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Atención ao acoso sexual e sexista, por orientación sexual ou extensión de xénero na UDC. Prevención, detección, primeira actuación e acompañamento no contexto universitario | Aitziber Bañuelos Ganuza | **1.1.15** | 1-31 de outubro | 12 h | Teams En liña | PDI | 30 | 21 | 86 |
| Incorporación da perspectiva de xénero nas guías docentes de STEM | Elisabet Mas de les Valls | **1.1.15** | Do 18 de outubro ao 25 de novembro | 12 h | Teams e Campus Virtual En liña | PDI | 30 | 22 | 86 |

## *d. Premios aos traballos académicos (TFG, TFM, teses) con perspectiva de xénero (medida 1.1.4)*

Como todos os anos, convocouse o concurso para premiar os mellores traballos de fin de grao ou mestrado con perspectiva de xénero. Na novena edición dos premios Ángeles Alvariño, foron premiados dez traballos que destacaron pola súa calidade e orixinalidade, ademais da acertada metodoloxía que se usou para incluír os aspectos de xénero en temáticas moi diferentes. No anexo III inclúese a convocatoria e a acta do xurado coa resolución dos premios. Por outra banda, a entrega de premios realizouse no acto organizado polo 25 de novembro, onde as persoas premiadas falaron dos aspectos máis destacables dos seus proxectos (véxase o programa do acto oficial).




*Figura 2. Cartel do IX Concurso Ángeles Alvariño*

## *e. Organización das VII Xornadas Universitarias Galegas en Xénero (XUGeX) (medida 1.1.15)*

As Xornadas Universitarias Galegas en Xénero, organizadas polas tres universidades do SUG, tiveron como lema o de «Desigualdades de género en tiempos de COVID» (véxase o programa das xornadas). Esta sétima edición centrouse en visibilizar o impacto da actual crise sanitaria, social e económica nos ámbitos da violencia de

xénero e da traxectoria investigadora das mulleres, así como na importancia da perspectiva de xénero na docencia universitaria.

Durante os días 10-11 de xuño de 2021 presentáronse un total de 49 comunicacións divididas en tres áreas temáticas: mulleres, investigación e COVID; violencias contra ás mulleres e perspectiva de xénero na docencia universitaria. O relatorio inaugural, co título «Cuando las informáticas rompen el techo de cristal», correu a cargo da profesora Capitolina Díaz (véxase o vídeo)

As Xornadas realizáronse en liña mediante a plataforma Teams (véxase o vídeo de resumo), cunha asistencia de 248 persoas (86% mulleres). O resumo das comunicacións foi publicado no libro de actas co ISBN 978-84-18445-87-3 (véxase a listaxe de comunicacións no anexo IV). Gozaron dunha ampla difusión na prensa:

**DUVI (Diario da Universidade de Vigo)**

As universidades galegas avaliarán o impacto da covid-19 na violencia de xénero e na traxectoria investigadora das mulleres

https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/universidades-galegas-avaliaran-impacto-covid-19-violencia-xenero-traxectoria-investigadora-mulleres?platform=hootsuite

**Xornal da USC (xornal da Universidade de Santiago de Compostela)**

A VII Xornada Universitaria Galega en Xénero abordará o impacto da pandemia na traxectoria investigadora das mulleres

https://www.usc.gal/gl/xornal/novas/vii-xornada-universitaria-galega-xenero-abordara-impacto-pandemia-traxectoria-investigadora-mulleres

VII Xornada Universitaria Galega en Xénero

https://www.usc.gal/gl/xornal/eventos/vii-xornada-universitaria-galega-xenero

O impacto da COVID-19, obxecto de análise na VII Xornada Universitaria Galega en Xénero

https://www.usc.gal/gl/xornal/novas/impacto-covid-19-obxecto-analise-vii-xornada-universitaria-galega-xenero

A Xornada Universitaria Galega en Xénero pon o foco nas desigualdades en tempos da COVID-19

https://www.usc.gal/gl/xornal/novas/xornada-universitaria-galega-xenero-pon-foco-desigualdades-tempos-covid-19.

### *f. Campañas de difusión a través de diversos soportes: cartelaría e folletos, redes sociais e, en xeral, as TIC (medida 1.2.26)*

Durante este período fixéronse dúas campañas de difusión:

- **Xornada de Benvida para o Alumnado da UDC (23/09/2021)**

Nesta ocasión aproveitouse a xornada de benvida dirixida ao novo estudantado da UDC para dar a coñecer a Oficina para a Igualdade de Xénero (OIX), así como para informar sobre os distintos tipos de acoso e a existencia

dun protocolo contra o acoso da nosa universidade. Colocáronse dous puntos informativos: un na praza da Facultade de Humanidades e Documentación, no campus de Ferrol, en horario de 11 a 14 h; e outro no Estadio Universitario, no campus de Elviña, de 12:00 a 14:30 h e de 15:30a 18:00 h. Atendeuse a 700 persoas (500 no Campus da Coruña e 200 no Campus de Ferrol) durante esta xornada.

Como parte do material gráfico desenvolvido para a xornada, imprimíronse dous tótems con información sobre a OIX e o protocolo, que posteriormente están a levarse dun centro a outro da UDC, para que así a información chegue a toda a comunidade universitaria.

*Figura 3. Fotografías da xornada de benvida*



## − Campaña de difusión DESLÍGATE II para sensibilizar o alumnado sobre as violencias de xénero nos ámbitos deportivos

Este ano botouse a andar a segunda edición de DESLÍGATE, co subtítulo «Rompendo os límites». Trátase dunha campaña en papel onde se simula un xornal deportivo, coa finalidade de mostrar novas sobre a muller no deporte tanto no que respecta aos logros deportivos, que moitas veces quedan invisibilizados, como no tocante ás situacións de violencia sexual e acoso que sofren neste ámbito. Neste segundo número, faise fincapé na situación das deportistas de alta competición que están estudando na UDC.

Na Figura 4 achégase a portada do xornal. Unha vez impreso, foi distribuído polas cafetarías e os sitios de paso nos distintos centros universitarios. Tamén se difundiu polas redes sociais.




*Figura 4. Portada do xornal para sensibilizar o alumnado sobre as violencias de xénero no deporte*

## − Campaña «Súmate e resta machismo»

Pouco antes da celebración do 25 de novembro, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres, iniciouse esta campaña co obxectivo de que o alumnado (particularmente os mozos) se posicionasen en contra da violencia machista. A campaña consistiu na elaboración dun *photocall* co lema da campaña que foi trasladado aos distintos centros da UDC, durante o período comprendido entre o 15 e o 18 de novembro.

*Táboa 4. Cronograma do* photocall *da campaña «Súmate e resta machismo»*

| Campus | Luns 15 | Martes 16 | Mércores 17 | Xoves 18 |
|---|---|---|---|---|
| Ferrol | **09:00-14:00 h**<br>Escola Politécnica de Enxeñaría<br>Escola Universitaria de Deseño Industrial | | | |
| Coruña | | **09:00-14:00 h**<br>Facultade de Informática | **09:00-14:00 h**<br>Facultade de Ciencias | **09:00-14:00 h** |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canles e Portos | Facultade Economía e Empresa | Escola Técnica Superior de Arquitectura Facultade de Socioloxía |

*Figura 5. Imaxe da campaña «Súmate e resta machismo»*




Deuse prioridade ás facultades e escolas altamente masculinizadas. Durante eses días pasaron polo *photocall* máis de 485 persoas, das cales 294 participaron na campaña sacando unha foto e deixando a súa mensaxe.

*Figura 6. Fotografías do* photocall *da campaña «Súmate e resta machismo»*















Co resultado obtido, elaboráronse dous vídeos e varias publicacións para as redes sociais, para as cales se usou o cancelo #EuRestoMachismo.

## – Tradución ao inglés do II Plan de igualdade da UDC

Coa finalidade de dar a coñecer o II Plan de igualdade de maneira accesible a toda a comunidade universitaria da UDC, incluído o alumnado Erasmus e o profesorado invitado procedente doutros países, o seu texto traduciuse á lingua inglesa e publicouse na páxina web da OIX (véxase o documento).

*Figura 7. Páxina web da OIX onde figura a tradución ao inglés do II Plan de igualdade da UDC*

# II Plan de Igualdade 2019-2022

*Aprobado no Consello de Goberno do 3 de abril de 2019*

O II Plan de Igualdade, aprobado na sesión de Consello de Goberno celebrada o día 3 de abril de 2019, desenvólvese arredor de catro eixos de traball

- Gobernanza, Responsabilidade Social e Transversalidade
- Perspectiva de xénero na actividade docente e investigadora
- Prevención e intervención fronte á violencia machista
- Conciliación, desenvolvemento persoal e carreira profesional

As medidas e actuacións previstas en cada un deles están dirixidas aos distintos colectivos que conforman a UDC:
profesorado, alumnado e persoal de administración e servizos pero tamén e, en última instancia, a toda a sociedade.

**II Plan de Igualdade da UDC 2019-2022 (versión galego)**

**II Plan de Igualdad de la UDC 2019-2022 (versión castellano)**

**2nd UDC  Equality Plan 2019-2022 (english version)**

## *g. Accións formativas para o alumnado sobre o uso adecuado das novas tecnoloxías e os nesgos sexistas e as violencias de xénero que existen nas redes sociais (medida 1.2.34)*

Dentro dos cursos ofertados para o alumnado (véxase a Táboa 1), o titulado «Sexualidade(s) 5G: retos e posibilidades nas relacións *posmillenial*» estudaba a temática das violencias de xénero e as novas tecnoloxías. Pola súa vez, no curso «Violencia dixital de xénero: da prevención á responsabilidade penal» falouse de distintos tipos de violencias como o ciberaxexo *(ciberstalking)*, a instalación de sistemas espía en dispositivos dixitais, a mensaxaría sexual *(sexting),* o ciberengado de menores *(grooming)*, a extorsión sexual *(sextortion)* etc. Os cursos tiveron moi boa acollida e cabe destacarmos a avaliación moi positiva que recibiron por parte do alumnado que asistiu.

# 3. ACTIVIDADES CORRESPONDENTES AO EIXE 5: IMPULSO DA FORMACIÓN QUE GARANTE A MELLOR RESPOSTA ASISTENCIAL

## *a. Organización de cursos e xornadas de formación orientadas a alumnado e profesorado das titulacións relacionadas co ámbito do audiovisual, amais de a xornalistas (medida 5.224)*

Dentro do Plan de formación en igualdade de xénero (PFOIX), organizáronse varios cursos específicos nesta temática dirixidos ao alumnado da Facultade de Ciencias da Comunicación (véxase a Táboa 2). Nos cursos «Tratamento informativo da violencia de xénero e da igualdade» e «Comunicar en igualdade», así como no «Obradoiro de creación de memes feministas», falouse sobre os nesgos e a discriminación que moitas veces atopamos nas noticias difundidas sobre casos de violencia machista e acoso sexual .

# 4. ACTIVIDADES CORRESPONDENTES AO EIXE 8: VISUALIZACIÓN E ATENCIÓN A OUTRAS FORMAS DE VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

## *a. Convocatoria para financiar gastos de difusión dos resultados de investigación sobre violencia de xénero (medida 8.255)*

O obxectivo da convocatoria foi cubrir parte dos gastos derivados da difusión dos resultados de investigación dos grupos ou do persoal investigador individual da UDC sobre temáticas relativas á violencia de xénero, recollidas no Pacto de Estado. Establecéronse dúas modalidades: subvención dos custos de tradución ou revisión, dun lado; e, do outro, subvención dos gastos de publicación (véxanse no anexo V as bases da convocatoria e a acta da súa resolución). A resolución da convocatoria recolle a subvención dos custos de tradución ou revisión de dúas obras:

**Título:** A aprendizaxe informal dos estereotipos de xénero a través dos contidos en YouTube e Instagram

**Autoría:** Alicia Arias-Rodriguez(responsable), Departamento de Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación da UDC; Ana Sánchez-Bello e Juan José Lorenzo-Castiñeiras, Departamento de Pedagoxía e Didáctica da UDC

**Resumo:**

A loita social pola igualdade de xénero fundaméntase en coñecer os motivos das desigualdades e destruílas. Os medios dixitais estiveron e están gobernados por homes e, por tanto, convertéronse en instrumentos do patriarcado. Neste sentido, cremos interesante a análise de aspectos como a presenza de estereotipos e roles de xénero, a existencia dunha linguaxe inclusiva ou sexista, e a existencia ou non de implicación social sobre

cuestións relacionadas coa igualdade de xénero nas redes sociais, concretamente no caso de catro influenciadoras *(influencers)* con moitas persoas seguidoras. Utilizando un enfoque de estudo cualitativo por medio dunha análise de contido, examínanse estas cuestións, por unha banda, en YouTube, e, pola outra, en Instagram. Para esta análise utilízase o software Atlas.ti. Determínase que estas influenciadoras son utilizadas como estratexia de mercadotecnia e, así mesmo, que son transmisoras de estereotipos e roles sexistas, alén de linguaxe sexista .

**Título:** Iso non mo dis na rúa. Análise do discurso do odio contra as mulleres en Twitter

**Autoría:** Teresa Piñeiro-Otero, Departamento de Matemáticas da UDC e Xabier Martínez-Rolán, Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade da UVigo

**Resumo:**

No ámbito virtual, en que os *social media* axudan á construción ou amplificación das relacións sociais, Internet configúrase como un espazo de desigualdade onde se reproducen as relacións de poder e prácticas patriarcais, amplificadas pola sensación de anonimato e o seu efecto desinhibidor.

Este traballo analiza a manifestación do discurso do odio e a misoxinia na conversa en Twitter ao redor de cincuenta mulleres españolas, con proxección pública en liña e fóra de liña, pertencentes a diversos ámbitos profesionais. A partir da procura automatizada de insultos e outros termos odiosos, levouse a cabo unha análise de contido das interaccións directas e mencións indirectas que recibiron estas mulleres nesta plataforma social ao longo dun ano. Os resultados deste estudo poñen de manifesto a toxicidade da twitteresfera para as usuarias, con especial incidencia no caso das políticas e as comunicadoras, dúas profesións clave para as sociedades democráticas.

## *b. Concurso para dar publicidade ao Protocolo fronte ao acoso sexual e o acoso por razón de sexo e (medida 8.254)*

Dentro do plan de comunicación do Protocolo da UDC, organizouse un concurso para elaborar un cartel e un vídeo que axudasen a promocionar o devandito documento entre a comunidade universitaria. No anexo VI inclúense as bases do concurso e a acta do xurado, coas persoas premiadas. O cartel, como o que se presenta na Figura 8, foi repartido e colgado en todos os centros universitarios. Ao vídeo, pola súa vez, déuselle publicidade nas redes sociais e na páxina web da OIX (véxase o vídeo sobre o protocolo).

Ademais, impartiuse unha serie de charlas en liña para o alumnado das diferentes titulacións, dentro do programa do plan de acción titorial (PAT) que se desenvolve na UDC. Do mesmo xeito, instouse as persoas responsables dos PAT de cada titulación/centro a facilitaren información básica sobre o Protocolo ao alumnado,

e a incorporaren unha ligazón á información escrita sobre este documento na páxina web das facultades/escolas da nosa universidade.

*Figura 8. Cartel gañador do concurso de difusión do Protocolo*




## *c. Actualización do Protocolo fronte ao acoso sexual e o acoso por razón de sexo da UDC (medida 8.254)*

O traballo de acompañamento á actualización do protocolo de actuación da UDC ante situacións de violencia de xénero, violencias sexuais ou acoso e discriminación por razón de sexo, por orientación sexual e identidade ou expresión de xénero ten o obxectivo de elaborar un procedemento de atención ás violencias relacionadas co xénero adaptado á realidade actual da UDC, que atenda á súa diversidade e á complexidade da comunidade universitaria.

Unha primeira tarefa consistiu en analizar a proposta inicial do Protocolo, que levou a facer cambios substanciais no fondo e a forma con respecto ao anterior procedemento. Para iso primeiramente realizáronse dúas accións principais:

1. Análise de fontes secundarias relacionadas co procedemento de actuación.

2. Entrevistas en profundidade con persoas profesionais con coñecemento da aplicación do anterior protocolo.

Ambas as accións tiveron como obxectivo detectar necesidades tanto do procedemento como das accións propostas nel que non fosen recollidas na proposta. Desta maneira, propuxéronse accións de mellora tanto para incluír aspectos clave como co fin de reconducir o proposto para a súa mellor adecuación ao propósito do Protocolo.

As tarefas anteriores tiveron como produto un primeiro informe de revisión do documento inicial que foi examinado polas persoas responsables da UDC. Abriuse daquela un período de contraste e envío de achegas, logo de recibir as cales se convocou unha xuntanza para reflexionar sobre os aspectos troncais do Protocolo, así como decidir as accións de mellora de maneira consensuada, con vistas ao desenvolvemento dunha proposta final.

Finalmente, elaborouse unha proposta definitiva do Protocolo que se enviou de novo para unha última lectura significativa, tras a que se realizou unha nova sesión de contraste e toma de decisións. A aprobación do Protocolo no Consello de Goberno da UDC é unha actuación que está en curso neste momento.

Xunto a esta última proposta elaborouse un informe de boas prácticas sobre o Servizo de Acompañamento da UPV/EHU, co obxecto de expoñer a función de acollida, asesoramento, acompañamento e seguimento que este servizo desempeña desde hai tres anos na devandita universidade.

# 5. LISTAXE DE ANEXOS

Anexo I. Fichas resumo dos cursos de formación dirixidos ao alumnado

Anexo II. Fichas resumo dos cursos de formación dirixidos ao profesorado

Anexo III. Convocatoria do IX Concurso Ángeles Alvariño e resolución

Anexo IV. Listaxe das comunicacións presentadas nas VII Xornadas Universitarias Galegas en Xénero

Anexo V. Convocatoria e acta da resolución da convocatoria para subvencionar os custos de difusión de resultados de investigación en materia de violencia de xénero

Anexo VI. Convocatoria e resolución do concurso de difusión do protocolo contra o acoso na UDC

# ANEXO I

# FICHA DO CURSO
# PFOIX 2020-2021



| | | | |
|---|---|---|---|
| **Actividade** | Curso | **Código:** | PFOIX/019 |
| **Título** | COMUNICA A CONCIENCIA | | |

| | | |
|---|---|---|
| **Destinatarios** | Alumnado da Universidade da Coruña | |
| **Requisitos** | | |
| **Duración** | 15 horas | |
| **Data e horario** | Do 19 de abril ao 6 de xuño de 2021 | |
| **Lugar / Modalidade** | Moodle | Virtual |
| **Prazas** | 50 | |

## Obxectivos

Sensibilizar e fomentar o uso da linguaxe inclusiva e non discriminatoria como ferramenta de cambio en colectivos profesionais.

Visibilizar a realidade das persoas en risco de exclusión social.

## Contidos

En liñas xerais, os principais **contidos** propostos para os módulos que compoñen o curso son os seguintes:

1. **Linguaxe inclusiva e non discriminatoria**: introdución, concepto de inclusión social e linguaxe inclusiva e non discriminatoria, linguaxe como elemento de inclusión, recursos e casos prácticos

2. **Contextualización histórica e social da linguaxe inclusiva na sociedade**: socialización de xénero, roles de xénero, home hexemónico, androcentrismo, sexismo, sexismo lingüístico

3. **Gramática e linguaxe inclusiva:** xénero gramatical, masculino xenérico, asimetría lingüística, consellos de estilo non sexistas, recursos e casos prácticos.

4. **Medios de comunicación**: medios de comunicación como axentes de socialización, violencia simbólica, categorías de análises para detectar o sexismo na publicidade, sexismo no periodismo, lexislación, coeducación.

5. **Colectivos sociais e linguaxe inclusiva**: persoas con discapacidade, persoas sen fogar, persoas migrantes, comunidade xitana, idade avanzada, violencia de xénero, prostitución, diversidade afectivo-sexual, adiccións, persoas privadas de liberdade.

**Metodoloxía**

O curso realizarase exclusivamente dentro da plataforma Moodle, onde atoparase dende o primeiro momento todo o material teórico básico, acompañado dunha presentación en Power Point a modo resumen con material audiovisual e exemplos gráficos.

Ademais disto, contarase cun apartado de documentación complementaria e de interese para a presentación das aplicacións correctoras, así como o seu funcionamento e propostas de mellora.

Tamén se habilitaran espazos (foros) onde poder expresar non só as dúbidas, senón outros comentarios que xurdan.

O temario estará dividido en 5 módulos, cada módulo contará cunha proba teórica e un traballo para a avaliación do curso. Unha vez finalice o curso, procederase á avaliación de todos os módulos de cada alumno e alumna, establecendo unha nota final baseada na media das notas obtidas entre os 5 módulos e notificarase vía mail xunto coa certificación correspondente.

O propio alumnado do curso manexará os seus propios tempos de execución, dentro das datas límite para a entrega de exercicios. Poderase realizar, en función do feedback recibido coas persoas que realicen o curso, unha clase online a través de Webex para complementar a formación.

**Profesorado**

**Nome:** Equipo Técnico ACADAR (Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia)

**Observacións e recursos:**

Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deporte
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

# FICHA DO CURSO
# PFOIX 2020-2021

OIX Oficina para a Igualdade de Xénero

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Actividade** | Curso | **Código:** | PFOIX/020 |

| | |
|---|---|
| **Título** | **Análise de xénero na investigación** |

| | | |
|---|---|---|
| **Destinatarios** | Alumnado de doutoramento da UDC | |
| **Requisitos** | | |
| **Duración** | 20 horas (6 horas síncronas a través de Teams) | |
| **Data e horario** | Do 3 de xuño ao 16 de xullo<br>Seminarios en liña: 3 de xuño de 16:30 a 19:30 e 4 de xuño de 10.00 a 13.00 | |
| **Lugar / Modalidade** | Microsoft Teams<br>Campus Virtual | Virtual |
| **Prazas** | 15 | |

## Obxectivos

- Este curso va dirigido a mejorar las competencias del alumnado de doctorado en la inclusión de la perspectiva de género tanto en los proyectos y trabajo de tesis doctoral como de potenciales proyectos de investigación y los artículos científicos que puedan derivarse de las investigaciones.Se presenta el marco conceptual que sostiene la inclusión de la perspectiva de género en la investigación.Asimismo, se indicará cómo introducir la perspectiva de género en cada una de las fases del proceso investigador, desde la elección del problema a investigar y la selección de la muestra, hasta el análisis de los resultados y su posterior publicación.Se presentan los principales sesgos sexistas propios de las investigaciones convencionales y sus efectos sobre la calidad de las mismas.Finalmente, se revisa la relevancia de introducir el enfoque de género en varios campos de la investigación y se exponen ejemplos concretos de lo que implica el análisis de género en ellos.
- **Definición de competencias**
- Habilidad para incluir la perspectiva de género en todas las fases de la investigación.
- Capacidad para evitar el sexismo en la investigación.
- Capacidadpara realizar y presentar un proyecto de investigación o un proyecto de tesis sin sesgossexistas.La adquisición de tales competencias mejorará la calidad de los proyectos de tesis y de los proyectos deinvestigación que se envíen a convocatorias competitivas así como de los artículos que deriven de lasinvestigaciones y/o tesis doctoral. Dichas competencias son respaldadas por las normativas europeas,estatales y de buena parte de las CC. AA., en las que, en la evaluación de los proyectos de investigación,se reconoce la inclusión de la perspectiva de género.

## Contidos

- Unidad 1. Concepto, tecnologías y sesgos sexistas
- Unidad 2. El enfoque de género en la investigación.
- Unidad 3. Género e investigación en las ciencias sociales y de la vida.•
- Unidad 4. Género e investigación en el medio ambiente y las tecnologías

## Metodoloxía

Curso en modalidad online tutelado por especialistas en la materia.
• Contenidos apoyados en ejemplos prácticos que ayuden a la reflexión.
• Propuesta de actividad a la finalizacióde cada Unidad para comprobar lo aprendido. EvaluaciónCada participante encontrará ejercicios, de realización optativa, a la finalización de cada Unidad. Al finalizar los contenidos del curso cada participante deberá aplicar los contenidos adquiridos a un trabajo de investigación. Para ello trabajará sobre la incorporación del enfoque de género en su propia propuesta de investigación y/o de tesis doctoral

## Profesorado

**Nome:** Capitolina Díaz Martínez. Catedrática de Sociología de la Universidad de Valencia
**Nome:** Teresa Samper Gras. Profesora Asociada de la Universidad de Valencia

Actividade financiada con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de la Presidencia, Relaciones con las Cortes e Igualdad) a través do Convenio de Colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e a Universidade da Coruña.

Pacto de Estado contra la violencia de género · Gobierno de España Ministerio de Igualdad · galicia · Xacobeo 2021 · Xunta de Galicia · Cufie Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Actividade** | Curso | **Código:** | PFOIX/025 |

| | |
|---|---|
| **Título** | **Claves para educar en igualdade e previr a violencia de xénero** |

| | | |
|---|---|---|
| **Destinatarios** | Alumnado do Grao de Educación Infantil da Facultade de CC.da Educación | |
| **Requisitos** | | |
| **Duración** | 8 horas | |
| **Datas e horario** | 27 e 28 de setembro de 2021 de 16:00 a 19:00 e 29 de setembro de 16:00 a 18:00 | |
| **Lugar / Modalidade** | Presencial | Presencial |
| **Prazas** | 30 prazas | |

## Obxectivos

- Deseñar unhas xornadas formativas dirixidas ao alumnado do Grao de Educación Infantil centradas en educar en igualdade para previr a violencia de xénero.
- Facilitar pautas e ferramentas que permitan ao alumnado fomentar actitudes e comportamentos igualitarios no contexto educativo que axuden a previr a violencia machista.
- Proporcionar criterios e pautas que permitan exercer o labor educativo integrando a perspectiva de xénero na presentación, uso, análise e elaboración de materiais didácticos e educativos para garantir a transmisión de valores igualitarios na aula.

## Contidos

1. Educar sen estereotipos
   a. Estereotipos e roles de xénero tradicionais.
   b. A división sexual do traballo.
   c. Analise de imaxes desde a perspectiva de xénero.
   d. Análise de xoguetes e contos desde a perspectiva de xénero.
   e. Orientación sexual e identidade de xénero.
2. Análise da violencia de xénero
   a. A violencia de xénero, da normalizacion ao reproche social.
   b. Estereotipos respecto á violencia de xénero.
   c. Tipos de violencia de xénero.
   d. Consecuencias da violencia sobre mulleres e menores.
   e. Coeducación e programas educativos de prevención da violencia de xénero.
3. Creación de contos non sexistas
   a. Qué é un conto non sexista?
   b. Análise da linguaxe e das ilustracións.
   c. Inventar heroínas e narrar as súas aventuras.
   d. Contar e ler contos alternativos.

## Metodoloxía

Enfoque metodolóxico activo, participativo e dinámico.

## Profesorado

**Nome:** Beatriz López Rey, Tania Merelas Iglesias, Belén Gavín Bermúdez e Juanjo Lorenzo Castiñeiras (Cooperativa Arabías)
**Observacións e recursos:**

*Actividade financiada con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de la Presidencia, Relaciones con las Cortes e Igualdad) a través do Convenio de Colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e a Universidade da Coruña.*

# FICHA DO CURSO
# PFOIX 2021-2022



| | | | |
|---|---|---|---|
| **Actividade** | Curso | **Código:** | PFOIX/026 |

| | |
|---|---|
| **Título** | **Claves para educar en igualdade e previr a violencia de xénero** |

| | | |
|---|---|---|
| **Destinatarios** | Alumnado do Grao de Educación Social da Facultade de CC.da Educación | |
| **Requisitos** | | |
| **Duración** | 8 horas | |
| **Datas e horario** | 4 e 5 de outubro de 2021 de 16:00 a 19:00 e 6 de outubro de 16:00 a 18:00 | |
| **Lugar / Modalidade** | Presencial | Presencial |
| **Prazas** | 30 prazas | |

## Obxectivos

- Deseñar unhas xornadas formativas dirixidas ao alumnado do Grao de Educación Infantil centradas en educar en igualdade para previr a violencia de xénero.
- Facilitar pautas e ferramentas que permitan ao alumnado fomentar actitudes e comportamentos igualitarios no contexto educativo que axuden a previr a violencia machista.
- Proporcionar criterios e pautas que permitan exercer o labor educativo integrando a perspectiva de xénero na presentación, uso, análise e elaboración de materiais didácticos e educativos para garantir a transmisión de valores igualitarios na aula.

## Contidos

1. Educar sen estereotipos
   a. Estereotipos e roles de xénero tradicionais.
   b. A división sexual do traballo.
   c. Analise de imaxes desde a perspectiva de xénero.
   d. Análise de xoguetes e contos desde a perspectiva de xénero.
   e. Orientación sexual e identidade de xénero.
2. Análise da violencia de xénero
   a. A violencia de xénero, da normalizacion ao reproche social.
   b. Estereotipos respecto á violencia de xénero.
   c. Tipos de violencia de xénero.
   d. Consecuencias da violencia sobre mulleres e menores.
   e. Coeducación e programas educativos de prevención da violencia de xénero.
3. Creación de contos non sexistas
   a. Qué é un conto non sexista?
   b. Análise da linguaxe e das ilustracións.
   c. Inventar heroínas e narrar as súas aventuras.
   d. Contar e ler contos alternativos.

## Metodoloxía

Enfoque metodolóxico activo, participativo e dinámico.

## Profesorado

**Nome:** Beatriz López Rey, Tania Merelas Iglesias, Belén Gavín Bermúdez e Juanjo Lorenzo Castiñeiras (Cooperativa Arabías)
**Observacións e recursos:**

*Actividade financiada con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de la Presidencia, Relaciones con las Cortes e Igualdad) a través do Convenio de Colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e a Universidade da Coruña.*

# FICHA DO CURSO
## PFOIX 2021-2022



| | | | |
|---|---|---|---|
| **Actividade** | Curso | **Código:** | PFOIX/027 |

| | |
|---|---|
| **Título** | **Violencias sexuais dende a perspectivas das mulleres e dos varóns** |

| | | |
|---|---|---|
| **Destinatarios** | Alumnado da UDC | |
| **Requisitos** | Ser alumnado da UDC | |
| **Duración** | 10 horas | |
| **Data e horario** | 1 ao 15 de outubro de 2021<br>Seminarios en liña: 5 e 6 de outubro de 16:00 a 18:30 | |
| **Lugar / Modalidade** | Campus Virtual UDC<br>Microsoft Teams | Virtual |
| **Prazas** | 30 prazas | |

**Obxectivos**

- Dotar ao alumnado os coñecementos suficientes para poder identificar se son obxecto dalgún tipo de violencia sexual ou están exercendoa, e recoñecder se alguen na súa contorna a está sufrindo ou exercendo.
- Ofrecer os datos reais sobre as violencias sexuais
- Coñercer os protoclos de actuación e recursos existentes

**Contidos**

- Que son as violencias sexuais? Tipos de violencias sexuais
- Como podemos identifcar cada unha delas
- Cal e papel dos varóns e das mulleres en relación as violencias sexuaix
- Mecanismos e protocolos de actuación
- Desmontando bulos

**Metodoloxía**

Combinarase formato palestra con exercicios de análise de vídeos e textos.

**Profesorado**

**Nome:** CRISTINA BAJO ENRIQUEZ/ ANTONIO CAÑÁS VARELA
**Observacións e recursos:**

Actividade financiada con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de la Presidencia, Relaciones con las Cortes e Igualdad) a través do Convenio de Colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e a Universidade da Coruña.

# FICHA DO CURSO
## PFOIX 2021-2022

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Actividade** | Curso | **Código:** | PFOIX/028 |

| | |
|---|---|
| **Título** | **Violencia dixital de xénero: da prevención á responsabilidade penal** |

| | | |
|---|---|---|
| **Destinatarios** | Alumnado da Universidade da Coruña | |
| **Requisitos** | | |
| **Duración** | 10 horas | |
| **Data e horario** | 14, 15, 21, 22 e 29 de outubro de 2021 de 16:00 a 18:00 | |
| **Lugar / Modalidade** | On-line | Platafoma Teams da Universidade da Coruña |
| **Prazas** | 100 | |

### Obxectivos

- Formar sobre o uso axeitado e crítico de Internet e das novas tecnoloxías
- Definir a violencia dixital de xénero
- Explicar os principais fenómenos criminais de violencia dixital
- Sensibilizar sobre as consecuencias da violencia dixital
- Informar sobre os dereitos das vítimas

### Contidos

**Bloque I. A violencia dixital: un novo fenómeno criminal**

**Bloque II. A protección da privacidade no ciberespacio: medidas**

**Bloque III. Violencia dixital e responsabilidade penal: principais tipos penais**

2.1. Ciberstalking

2.2. Instalación de sistemas espía en dispositivos dixitais

2.3. Sexting

2.4. Grooming

2.5. Sextorsion

**Bloque IV. Os dereitos das vítimas: primeros pasos**

### Profesorado

**Nome:** Natalia Pérez Rivas

**Observacións e recursos:**

*Actividade financiada con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de la Presidencia, Relaciones con las Cortes e Igualdad) a través do Convenio de Colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e a Universidade da Coruña.*

# FICHA DO CURSO
# PFOIX 2021-2022



| | | | |
|---|---|---|---|
| **Actividade** | Curso | **Código:** | PFOIX/029 |

| | |
|---|---|
| **Título** | **Claves para educar en igualdade e previr a violencia de xénero** |

| | | |
|---|---|---|
| **Destinatarios** | Alumnado do Grao de Educación Primaria da Facultade de CC.da Educación | |
| **Requisitos** | | |
| **Duración** | 8 horas | |
| **Datas e horario** | 18 e 19 de outubro de 2021 de 16:00 a 19:00 e 20 de outubro de 16:00 a 18:00 | |
| **Lugar / Modalidade** | Presencial | Presencial |
| **Prazas** | 30 prazas | |

## Obxectivos

- Deseñar unhas xornadas formativas dirixidas ao alumnado do Grao de Educación Primaria centradas en educar en igualdade para previr a violencia de xénero.
- Facilitar pautas e ferramentas que permitan ao alumnado fomentar actitudes e comportamentos igualitarios no contexto educativo que axuden a previr a violencia machista.
- Proporcionar criterios e pautas que permitan exercer o labor educativo integrando a perspectiva de xénero na presentación, uso, análise e elaboración de materiais didácticos e educativos para garantir a transmisión de valores igualitarios na aula.

## Contidos

1. Educar sen estereotipos
   a. Estereotipos e roles de xénero tradicionais.
   b. A división sexual do traballo.
   c. Analise de imaxes desde a perspectiva de xénero.
   d. Análise de xoguetes e contos desde a perspectiva de xénero.
   e. Orientación sexual e identidade de xénero.
2. Análise da violencia de xénero
   a. A violencia de xénero, da normalizacion ao reproche social.
   b. Estereotipos respecto á violencia de xénero.
   c. Tipos de violencia de xénero.
   d. Consecuencias da violencia sobre mulleres e menores.
   e. Coeducación e programas educativos de prevención da violencia de xénero.
